

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CURTIS

Aprobación do plan económico-financeiro 2025-2026

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Curtis, en sesión extraordinaria de data 19 de maio de 2025, acordou a aprobación do Plan económico-financeiro 2025-2026, por incumprimento da estabilidade orzamentaria con motivo da liquidación do exercicio orzamentario de 2024.

De conformidade co disposto no artigo 26.1 do Real Decreto Lexislativo 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidad Presupuestaria, en su aplicación a las entidades locales, publícase no BOP o texto íntegro do dito Plan, a efectos meramente informativos, cuxo texto se transcribe a continuación:

PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DO CONCELLO DE CURTIS - PERÍODO 2025/2026

ÍNDICE

1. Introducción
2. Contido e tramitación
3. Avaliación do cumprimento de obxectivos da LOEPSF
4. Diagnóstico da situación económico financeira actual
5. Causas do incumprimento
6. Previsión tendencial
7. Medidas a adoptar para corrixir a situación
8. Control e seguimento do plan

1. INTRODUCCIÓN

A Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (LOEPSF) establece no seu artigo 3 que “a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarse nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea”. Nel defínese a estabilidade orzamentaria como a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O artigo 11.4 da LOEPSF establece que as corporacións locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

O artigo 12 da LOEPSF regula a regra fiscal “regra de gasto”, sinalando que a variación do gasto computable das administracións non poderá superar a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo da economía española. Non obstante, cando exista un desequilibrio estrutural nas contas públicas ou unha débeda superior ao obxectivo establecido, o crecemento do gasto computable axustarase á senda establecida nos respectivos plans económico-financeiros e de equilibrio previstos nos artigos 21 e 22 da LOEPSF.

Do mesmo xeito hai que ter presente a obrigatoriedade de cumprir co principio de sustentabilidade financeira, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gastos presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial, de conformidade co establecido na normativa de morosidade das operacións comerciais e na normativa europea.

Así e de acordo co establecido na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira no seu artigo 21, en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a entidade local debe formular un plan económico-financeiro que permita no ano en curso e o seguinte o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto.

Mediante resolución de alcaldía nº 197 de 04/04/2025 aprobouse a liquidación do orzamento do exercicio 2024. A Secretaría-intervención municipal elaborou os informes correspondentes ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda, constatando un déficit de financiamento na análise da estabilidade orzamentaria en **986.741,42 €**

Tendo en conta os incumprimentos producidos na execución do orzamento do exercicio 2024, en aplicación do disposto na LOEPSF procede a elaboración dun plan económico-financeiro que lle permita ao Concello retornar a unha situación de cumprimento destes parámetros como máximo a 31 de decembro de 2026, é dicir, no momento de efectuar a liquidación do orzamento do ano 2026, xa que de conformidade co establecido no artigo 21 da LOEPSF o PEF deberá conter medidas para o ano en curso (2025) e para o seguinte (2026).

2. CONTIDO E TRAMITACIÓN

Segundo o establecido no artigo 21 da LOEPSF, o Plan Económico-Financeiro conterá, como mínimo, a seguinte información:

- a) As causas do incumprimento do obxectivo establecido, ou no seu caso, do incumprimento da regra de gasto
- b) As previsións tendenciais de ingresos ou gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- c) A descrición, cuantificación e calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extraorzamentarios nos que se contabilizarán.
- d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basan estas previsións, de conformidade co previsto no informe a que fai referencia o apartado 5 do artigo 15.
- e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos

Terase en conta igualmente o establecido no artigo 116.bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, o cal sinala como medida adicionais ás anteriores:

- a) supresión de competencias que exerza a entidade local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación
- b) xestión integrada ou coordinada dos servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir ou seus custos
- c) Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a Entidade Local
- d) Racionalización administrativa
- e) Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que, no exercicio orzamentario inmediato anterior, incumplan co obxectivo de estabilidade orzamentario ou co obxectivo de débeda pública, ou que o período medio de pago a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.
- f) Unha proposta de fusión cun municipio colindante da mesma provincia.

Doutra banda, o artigo 9 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na LOEPSF, establece como contido do Plan o seguinte:

- a) As medidas correctoras aprobadas, cuantificadas e fundamentadas, sinalando a data da súa implementación. Estas medidas deberán ser coherentes coa variación interanual das súas previsións orzamentarias respectivas.
- b) A estimación e xustificación dos axustes de contabilidade nacional e a coherencia co límite de gasto non financeiro, calculado na forma que establece a regra do gasto.
- c) A evolución da débeda, o cumprimento do límite de débeda, as magnitudes de aforo bruto e neto, a estimación dos saldos de tesourería, o exceso de financiamento afectado e o remanente de tesourería para gastos xerais.

En canto á **tramitación** terase en conta a aplicación do seguinte calendario, segundo o art. 23 LOEPSF:

- a) Presentación do Plan Económico-Financeiro ante o Pleno municipal no prazo máximo dun mes dende que se constate o incumprimento.
- b) Aprobación polo Pleno municipal no prazo máximo de dous meses dende a súa presentación
- c) A posta en marcha do plan non poderá exceder de tres meses dende a súa presentación
- d) Remisión do Plan á Comunidade Autónoma así como á Comisión Nacional de Administración Local para o seu coñecemento.
- e) Publicación do Plan do mesmo xeito que se establece na lei para os orzamentos da entidade.

Debe terse en conta que, o artigo 28 de Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, acceso á Información Pública e Bo Goberno, establece que, constitúe infracción moi grave en materia de xestión orzamentaria:

- A non presentación ou a falta de posta en marcha en prazo do plan económico-financeiro ou do plan de reequilibrio de conformidade co artigo 23 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril.
- O incumprimento das obrigacións de publicación ou de subministración de información previstas na normativa orzamentaria e económico-financeira, sempre que neste último caso formulouse requirimento.

- A falta de xustificación da desviación, ou cando así se lle requiriu a falta de inclusión de novas medidas no plan económico-financieiro ou no plan de reequilibrio de acordo con o artigo 24.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril.
- A non adopción das medidas previstas nos plans económico-financieiros e de reequilibrio, segundo corresponda, previstos nos artigos 21 e 22 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril.

3. AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS DA LOEPSF

3.1. ESTABILIZADE ORZAMENTARIA.

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA LIQUIDACIÓN 2024

EXERCICIO 2024		
1	Ingresos non financeiros (capítulos 1 a 7)	6.803.358,79
2	Gastos non financeiros (capítulos 1 a 7)	8.835.990,81
3	Superávit (+) ou déficit (-) non financeiro do orzamento (1-2)	-2.032.632,02
4	Axustes	1.045.890,60
	Cap 1-3 de ingresos	-50.287,53
	Axustes PIE	48.699,52
	Axuste 413	8.688,64
	Transferencias de cap. 4 e 7	-163.627,94
	Axuste por ingresos obtidos da UE	1.202.417,91
5	Capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento (3+4)	-986.741,42

O Concello de Curtis incumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria na liquidación do orzamento de 2024.

3.2. REGRA DE GASTO

Límite regra de gasto ano 2024: Gasto computable 2023* 2,6% da taxa de referencia, , fan que o límite de regra de gasto sexa de 5.350.513,59 €.

Tendo en conta que o gasto computable resultante da liquidación de 2024 ascende a 5.200.634,03 €, cúmprese a regra de gasto, conforme aos datos da seguinte táboa:

Empregos non financeiros liquidación 2024 (1)	8.835.990,81
Intereses da débeda (2)	0.00
Gasto financiado con fondos finalistas (3)	3,626,668.14
Axustes SEC (4)	8.688,64
Gastos financiado con superávit que non computa para regra de gasto ao tratarse de inversións financeiramente sostibles. (5)	0.00
GASTO COMPUTABLE (6) ((1)-(2)-(3)-(4)-(5))	5,200,634.03
GASTO COMPUTABLE MÁXIMO (7)	5,350,513.59

3.3. SOSTENIBILIDADE FINANCEIRA

Segundo o establecido no artigo 4 da LOEPSF, se entende por sostibilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido nesta lei, na normativa sobre morosidade e na normativa europea.

A instrumentación que o artigo 13 da LOEOSF realiza do principio de sostibilidade financeira se materializa na obriga para as entidades locais de non superar un límite para a débeda pública.

Cálculo do aforro neto

TOTALES INGRESOS CORRENTES (CAP. I A V)		5.843.769,05
TOTAL GASTOS CORRENTES (CAPÍTULOS I, II E IV)		4.940.476,29
DESVIACIÓNS POSITIVAS		437.073,89
DESVIACIÓNS NEGATIVAS		352.458,61
AXUSTES OBRIGAS FINANCIADAS CON RLT		95.300,05
AFORRO BRUTO		913.977,53
CARGA FINANCEIRA 2024 (ATA)		90.574,35
AFORRO NETO		823.403,18

3.4. SOSTIBILIDADE DÉBEDA COMERCIAL

Segundo o establecido no artigo 4 da LOEPSF, se entende por sostibilidade da débeda comercial que o periodo medio de pagamento aos provedores (PMP), non supere o prazo máximo de 30 días previsto na normativa sobre morosidade.

O PMP foi de 6,07 días (dato correspondente ao cuarto trimestre do ano 2024), obtido do programa contable municipal, inferior ao establecido na normativa sobre morosidade, polo que se cumpre a sostibilidade da débeda comercial.

4. DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA ACTUAL

INGRESOS (DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS)					GASTOS (OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS)				
Cap	Denom	DRN22	DRN23	DRN24	Cap	Denom	ORN22	ORN23	ORN24
1	Imp directos	1.239.223,77	1.557.954,15	1.546.060,38	1	Persoal	1.916.514,04	2.214.377,99	1.936.664,33
2	Imp indirectos	274.796,78	32.615,86	-27.802,48	2	Bens correntes	2.041.262,32	2.555.567,91	2.864.006,10
3	Taxas e outros ing	1.180.773,18	1.501.188,75	1.295.730,30	3	Financ	2.640,35	5.226,10	6.200,00
4	Transf correntes	2.501.456,38	2.599.276,56	2.992.172,86	4	Transf correntes	152.626,86	143.510,09	139.805,86
5	Ing. patrimoniais	34.466,61	31.399,80	37.607,99	5				
6	Enax inv				6	Inver reais	2.905.952,80	2.109.158,68	3.889.314,52
7	Transf capital	1.006.078,80	992.695,78	959.589,74	7	Transf capital		25.239,95	
	Total	6.236.795,52	6.715.130,90	6.803.358,79		Total	7.018.996,37	7.035.080,72	8.835.990,81

RESULTADO ORZAMENTARIO	2022	2023	2024
Dereitos recoñecidos netos	6.459.862,78	7.397.774,42	6.803.358,79
Obrigas recoñecidas netas	7.019.045,72	7.075.390,72	8.926.565,16
Resultado orzamentario	-559.182,94	322.383,70	-2.123.206,37
Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	1.922.934,34	1.377.178,88	1.349.231,53
Desviacións de financiación negativas do exercicio	471.581,69	751.064,25	1.819.066,96
Desviacións de financiación positivas do exercicio	755.142,50	1.356.912,67	703.288,89
Resultado orzamentario axustado	1.080.239,94	1.093.714,16	341.803,23

O resultado orzamentario relaciona, de xeito global, os gastos e os ingresos permitindo concluir ata qué punto estes se materializaron en recursos para financiar a actividade municipal do exercicio económico. Un resultado orzamentario positivo pon de manifesto que se orzamentou correctamente e que os orzamentos foron executados consonte as previsións.

REMANENTE DE TESORERÍA	2022	2023	2024
Fondos líquidos	3.014.471,79	3.227.472,33	1.103.896,04
Dereitos pendentes de cobro	472.922,09	374.401,04	365.880,73
Obrigas pendentes de pago	325.904,22	135.408,28	120.903,57
Cobros realizados pendentes de aplicación	6.278,50	6.278,50	6.501,29
Pagos realizados pendentes de aplicación	24.382,98	38.176,04	30.053,76
Remanente de tesorería total	3.179.594,14	3.498.362,63	1.372.425,67
Saldos de dubidoso cobro	9.021,47	13.244,89	20.354,94
Exceso de financiamento afectado	30.541,74	937.833,64	590.837,96
Remanente de tesorería para gastos xerais	3.140.030,93	2.547.284,10	761.232,77

O Remanente de tesourería reflexa a situación de liquidez da entidade ó peche do exercicio, que se atopa dispoñible para financiar gastos, resultando un indicador moi importante para valorar a solvencia financeira a curto prazo da Entidade local, constitúe unha variable esencial para conocer a situación financeira dunha administración pública a curto prazo.

AFORRO NETO	
TOTALES INGRESOS CORRENTES (CAP. I A V)	5.843.769,05
TOTAL GASTOS CORRENTES (CAPÍTULOS I, II E IV)	4.940.476,29
DESVIACIÓNS POSITIVAS	437.073,89
DESVIACIÓNS NEGATIVAS	352.458,61
AXUSTES OBRIGAS FINANCIADAS CON RLT	95.300,05
AFORRO BRUTO	913.977,53
CARGA FINANCEIRA 2024 (ATA)	90.574,35
AFORRO NETO	823.403,18

O aforro bruto indica a capacidade inversora municipal (ven determinada polos recursos de capital non financeiros, e os recursos correntes non empregados nos gastos correntes) e o aforro neto amosa a capacidade xerada ao longo da execución orzamentaria para facer fronte, con recursos ordinarios, aos gastos correntes e á carga financeira.

Estes parámetros poñen de manifesto a situación económica do Concello, dan unha imaxe do saneamento xeral da entidade e contribúen a acreditar que, mentres se manteñan estas circunstancias e os criterios xerais de racionalidade do gasto, non se porá en risco o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública recollidos nas proxeccións de débeda e capacidade de financiamento para os vindeiros anos, incluídos no último marco orzamentario aprobado.

5. CAUSAS DO INCUMPRIMENTO

Da análise anterior, o incumprimento da regra de gasto observada na liquidación do orzamento do exercicio 2024 ven motivada polos seguintes factores:

5.1. Execución do orzamento: a porcentaxe vai sendo cada vez maior, tendo en conta o incremento do orzamento municipal ao longo dos anos.

5.2. A utilización do remanente de tesourería para gastos xerais: xa que se fixo uso do mesmo no período de suspensión das regras fiscais. Esta utilización afecta de xeito distinto ao principio de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto.

No exercicio 2024, do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais que incidiu negativamente no cumprimento da regra de gasto. Dado que o seu emprego ascendeu a 2.139.901,79 €, de poder minorar a súa contía sobre o gasto computable de 2024 e sobre as obrigas recoñecidas netas, cumpriríamos coa estabilidade orzamentaria, e máis aínda, conxugando ambas magnitudes, poderíamos ter empregado remanente de tesourería por importe de 1.153.160,37 euros e liquidaríamos o exercicio con cumprimento.

Polo que se pode considerar acreditado que a causa do incumprimento da estabilidade orzamentaria na liquidación de 2024 é unha porcentaxe de execución do orzamento axustada á realidade do Concello de Curtis, tendo en conta os ingresos recadados e o emprego do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais, sobre todo no expediente de incorporación

de remanentes, que por outra banda implica á incorporación de gastos comprometidos, contratos adxudicados, sobre os que o Concello ten unha responsabilidade e modificación orzamentaria prevista na Lei reguladora das Facendas Locais.

No relativo á financiación de gastos nun determinado exercicio con Remanente de Tesourería para gastos con financiamento afectado, a IGAE contestou á asociación “COSITAL NETWORK” que A Secretaría General de Coordinación Autonómica y Local considera que neste caso non procede efectuar ningún axuste na Regra do Gasto, de xeito que os gastos así financiados considéranse gasto computable a tódolos efectos. Tamén considera neste caso, que *“El remanente de tesorería, aun cuando se configura contablemente como un activo financiero, su naturaleza se identificaría con el ahorro que genera una entidad local en un ejercicio como consecuencia del desfase entre la ejecución de unos ingresos presupuestarios y las obligaciones reconocidas a las que están afectados de forma tal que ese ahorro habrá de ser utilizado como fuente de financiación de las obligaciones de ejercicios posteriores a aquel en el que se obtuvo.”*

En consecuencia, no cabe admitir que la utilización del remanente de tesorería afectado por una entidad local sea determinante de una situación de déficit estructural, es más, habría de identificarse con una situación de superávit presupuestario en el momento de la liquidación del presupuesto.”

En relación coas medidas a adoptar, na mesma contestación, a Secretaría General de Coordinación Autonómica y Local indica que “Sentada la naturaleza del remanente de tesorería afectado cabe entender que sus efectos sobre la situación económico financiera de una entidad local en nada coinciden con los derivados de otros recursos financieros que exigen un reembolso de las cantidades recibidas y por ello parece lógico que el tipo de medidas a implementar en el plan económico financiero deban acomodarse a la situación descrita.” Tamén pon de manifesto que *“Sobre la base de lo expuesto, cabe afirmar que la recuperación de los objetivos de estabilidad presupuestaria y, en su caso, de la regla de gasto, incumplidos por la utilización del remanente de tesorería afectado se lograría con la simple aprobación del presupuesto del ejercicio siguiente en situación de equilibrio presupuestario y dentro del límite de variación del gasto computable, sin necesidad de medida estructural alguna dada la naturaleza del remanente de tesorería afectado en el ámbito de la Administración local. En ese contexto, la entidad local deberá elaborar y aprobar un plan económico financiero que se podrá limitar a exponer el origen del desequilibrio en términos de contabilidad nacional y a recoger aquella medida.”*

Se ben é certo que a contestación indicada se refire ao financiamento de gastos a través de Remanente de tesourería afectado, as apreciacións postas de manifesto anteriormente no relativo a que o Remanente de Tesourería se pode entender como un aforro da entidade, son igualmente predicables do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais. A única diferenza é que a utilización deste remanente é de carácter voluntario, mentres que a incorporación de remanentes para gastos con financiamento afectado é obrigatorio por establecelo así o artigo 47 do RD 500/1990. Pero constitúe a expresión dunha capacidade financeira para atender maiores gastos no exercicio seguinte e carece da natureza de gasto estrutural para esta Administración.

Ter en conta ademáis que a pesar do incumprimento posto de manifesto e o emprego do remanente de tesourería nos diferentes exercicios, esta magnitude segue incrementándose, o mesmo que acontece co resultado orzamentario, polo que a situación financeira do Concello en ningún caso pode considerarse comprometida.

6. PREVISIÓN TENDENCIAL

A proxección sen adopción de medidas nos exercicios 2025 e 2026 sería a seguinte cos datos obrantes nas dependencias municipais e as modificacións orzamentarias realizadas e estimadas:

No momento de emisión deste documento está elaborado un borrador do vindeiro orzamento 2025, no que se constata o cumprimento das regras fiscais, concretamente presenta unha capacidade de financiamento de 54.196,05 €

6.1. EJERCICIO 2025

CÁLCULO CUMPRIMENTO ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

ESTIMACIÓN LIQUIDACIÓN EJERCICIO 2025

GASTOS 2025

Capítulo	Créditos iniciais	Modificacións (1)	Total
1	2.187.189,70	2.048,29	2.189.237,99
2	2.977.573,34	84.345,38	3.061.918,72
3	7.000,00		7.000,00
4	170.404,84	970,00	171.374,84
6	951.410,16	3.082.872,13	4.034.282,29
7	40.000,00		40.000,00
9	91.264,35		91.264,35
Total	6.424.842,39	3.170.235,80	9.595.078,19

INGRESOS 2025

Capítulo	Previsións iniciais	Modificacións (1)	Total
1	1.516.258,83		1.516.258,83
2	258.724,50		258.724,50
3	1.347.831,27		1.347.831,27
4	2.710.689,16	60.696,12	2.771.385,28
5	37.120,00		37.120,00
7	554.218,63	2.390.431,00	2.944.649,63
8		719.108,68	719.108,68
Total	6.424.842,39	3.170.235,80	9.595.078,19

(1) Simúlase un importe de xeracións de crédito por 1.478.333,41 €, obténdose da media dos tres últimos exercicios.

As modificacións consignadas correspóndense ó expediente de incorporación de remanentes realizado, con respecto a esto manifestar que é o expediente onde menos remanente de tesourería para gastos xerais se emprega dos tres últimos exercicios. O RTGFA son de incorporación obrigatoria.

	RTGG executado (2)	RTGFA executado
2022	1.922.934,34	63.700,19
2023	1.377.178,88	11.012,97
2024	1.349.231,53	922.485,95

(2) Estes importes corresponden coas obrigas recoñecidas en cada exercicio, financiadas con RTGG.

A parte restante se financia con compromisos de ingresos, que se materializarán en máis dereitos recoñecidos, que aumentarán a capacidade de financiación e polo tanto a estabilidade orzamentaria e con respecto a regra de gasto, minorarán o gasto computable ó ser gastos financiados por outras Administracións Públicas ou con remanente de tesourería para gastos con financiamento afectada (incorporación de carácter obrigatorio por ter afecta financiamento)

Das liquidacións dos últimos tres exercicios obtemos a seguinte porcentaxe de execución de gasto relacionando consignacións definitivas e obrigas recoñecidas netas dos gastos non financeiros.

Exercicio	Consignación definitiva (cap 1 a 7)	Obrigas recoñecidas netas (cap 1 a 7)	Porcentaxe de execución
2022	10.280.342,31	7.018.996,37	68,28%
2023	11.685.422,52	7.071.623,00	60,52%
2024	11.732.932,24	8.835.990,81	75,31%

Polo que seguindo a liña da media na porcentaxe de execución dos tres derradeiros exercicios e establecendo marxe na porcentaxe de execución, estimando un 68,04%, as obrigas recoñecidas netas do exercicio 2025, daría o seguinte resultado:

GASTOS

	Consignación definitiva (Cap 1 a 7)	Obrigas recoñecidas netas previstas a 31/12/2025 estimando un 68,04% de execución, cap 1 a 7
2025	9.503.813,84	6.466.394,94

Das liquidacións dos últimos tres exercicios obtemos a seguinte porcentaxe de execución de ingreso relacionando previsións definitivas e dereitos recoñecidos netos dos ingresos non financeiros.

Exercicio	Previsión definitiva (cap 1 a 7)	Dereitos recoñecido netos (cap 1 a 7)	Porcentaxe de execución
2022	6.323.450,84	6.236.795,52	98,63%
2023	8.558.009,30	6.715.130,90	78,47%
2024	8.761.118,85	6.803.358,79	77,65%

Polo que seguindo a liña da media na porcentaxe de execución dos tres derradeiros exercicios e establecendo marxe na porcentaxe de execución, estimando un 84,92%, os dereitos recoñecidos netos do exercicio 2025, daría o seguinte resultado

INGRESOS

	Previsión definitiva (Cap 1 a 7)	Dereitos recoñecidos netos previstos a 31/12/2025 estimando un 84,92% de execución, cap 1 a 7
2025	8.875.969,51	7.537.473,31

Polo que:

Estabilidade orzamentaria	Cap 1 a 7 de ingresos	Cap 1 a 7 de gastos	Axustes SEC (3)	Necesidade/capacidade financiamento
2025	7.537.473,31	6.466.394,94	3.365,40	1.074.443,77

(3) Aplícase o axustes da PTE xa que o único dato fidedigno do que dispón.

No exercicio de 2025 cumprírase o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

CÁLCULO CUMPRIMENTO REGRA DE GASTO

Empregos non financeiros liquidación 2024 (1)	8.835.990,81
Intereses da débeda (2)	0.00
Gasto financiado con fondos finalistas (3)	3,626,668.14
Axustes SEC (4)	8.688,64
Gastos financiado con superávit que non computa para regra de gasto ao tratarse de inversións financeiramente sostibles. (5)	0.00
GASTO COMPUTABLE (6) ((1)-(2)-(3)-(4)-(5))	5,200,634.03
GASTO COMPUTABLE MÁXIMO (7)	5,350,513.59

A taxas de referencia a efectos do cumprimento da regra de gasto será 3,2% para o 2025 e 3,3% para o 2026.

Polo que o límite do gasto computable para o 2025 tendo en conta que a taxa de referencia do PIB é do 3,2% para ese exercicio e que debemos partir do gasto computable axustado para o ano 2024, calculado na liquidación de 2024 e reflectido no cadro anterior, esta contía ascende a 5.367.054,32 euros

LÍMITE GASTO COMPUTABLE 2025 = 5.367.054,32 €

Estimación Créditos liquidación orzamento 2025 Cap. 1, 2, 4, 6, 7	6.461.632,14
Estimación Gastos financiados con fondos finalistas	2.516.969,05
Estimación Gasto computable ano 2025	3.944.663,09

A estimación de gastos finalistas, obténse como media dos sous derradeiros exercicios:

No 2022: 2.107.843,07 €

No 2023: 1.816.395,93 €

No 2024: 3.626.668,14 €

Diferencia entre o límite da regra de gasto e o gasto computable estimado na liquidación de 2025 ascendería a contía de 1.422.391,23 €.

Polo que se cumpriría o obxectivo da regra de gasto na liquidación do exercicio de 2025.

6.2 EJERCICIO 2026

CÁLCULO CUMPRIMENTO ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

ESTIMACIÓN LIQUIDACIÓN EJERCICIO 2026

Para o exercicio 2026 estímase un incremento do 2 % no capítulo 1, e increméntase o estado de ingresos na mesma medida, aplicando o mesmo axuste que no 2025, isto o da PTE. Con estes datos cumprírase o obxectivo de estabilidade orzamentaria no 2026.

CÁLCULO CUMPRIMENTO REGRA DE GASTO

Seguindo a liña do establecido no presente PEF, o límite de gasto computable para o exercicio 2026 ascendería o seguinte importe:

Estimación limite gasto computable 2026: 3.944.663,09 € (estimación gasto computable 2025) x 3,3 % = 4.074.836,97 €

Non se efectúan axustes SEC para o 2026, dada a enorme dificultade para o cálculo dos mesmos, tanto no momento da aprobación do orzamento 2026 como ó longo da execución do mesmo, gardarásese a máxima cautela para que ó final do mesmo, se constate o cumprimento deste principio.

Estimando un orzamento para o 2026, no que se incrementa un 2% os gastos de persoal e mantendo o resto de gastos, daría lugar a seguinte simulación sobre o cumprimento da regra de gasto:

Estimación Créditos liquidación orzamento 2026 Cap. 1, 2, 4, 6, 7	6.370.321,83
Estimación Gastos financiados con fondos finalistas	2.516.969,05
Estimación Gasto computable ano 2025	3.853.352,78

Polo que se cumpriría o obxectivo da regra de gasto para o exercicio 2026.

7. MEDIDAS A ADOPTAR PARA CORRIXIR A SITUACIÓN

A liquidación do orzamento do exercicio 2024 non cumpre coa estabilidade orzamentaria. Isto determina o deber de elaborar un Plan Económico Financeiro que permita no exercicio actual e no seguinte o cumprimento do obxectivo indicado.

Debido ás causas que produciron o incumprimento da estabilidade na liquidación do exercicio de 2024, analizadas ó longo do presente PEF, non se precisa de medida correctora algunha, tendo este Plan unha natureza explicativa pero non correctiva, xa que as causas do incumprimento non veñen dadas por unha situación de déficit estrutural, senón polo emprego do remanente de tesourería empregado para financiar a incorporación de remanentes por gastos pendentes de executar en exercicios anteriores, polo que tendo en conta o límite de gasto computable para o 2025 e as previsións manifestadas nos apartados anteriores, sen necesidade de medida estrutural algunha, poderíase corrixir a situación.

A pesar disto, esta situación implicará un control e unha vixilancia durante o periodo de vixencia do PEF, sobre a execución do orzamento, comprobando que vai na liña das previsións que levan ó cumprimento das magnitudes, actuación que se realizará o seguimento a través da plataforma da Oficina Virtual de Entidades Locales. En todo caso a medida a adoptar será a restrición no uso do remanente de tesourería para gastos xerais como fonte de financiamento de modificacións orzamentarias.

8. CONTROL E SEGUIMENTO DO PLAN

O control será realizado polo órgano de Tutela Financeira da Xunta de Galicia, a través dos Informes de intervención trimestrais, semestrais ou anuais (de aprobación de orzamentos, de liquidación dos orzamentos, obrigas trimestrais de remisión de información económico – orzamentaria, etc) nos que se poña de manifesto si están a cumprirse os obxectivos marcados no propio Plan.

Curtis, 19 de maio de 2025.

O alcalde

Javier Fco Caínzos Vázquez

2025/3205